



ANPA COLEXIO “A PAZ” TINTUREIRA

anpatintureira@hotmail.com

Descrición das actividades extraescolares:

Taekwondo: esta arte marcial é unha actividade coa que se pretende que os nen@s realicen un deporte que lles aporte beneficios en varios ámbitos fundamentais para o desenvolvemento psicomotriz e cognitivo.

Baile moderno: A actividade ten como obxectivo que os nen@s poidan mellorar a súa coordinación, aprender os bailes creados pola profesora e incluso inventar bailes propios. Pero sobre todo, o que se pretende é que aprendan a gozar do baile. Este ano contamos con **novos profesorado**. Inicialmente faremos un grupo e dependendo do número de inscricións e idades d@s nen@s valoraremos o desdoble da actividade.

Multideporte: Esta actividade vai dirixida a aqueles que desexen comezar a tomar contacto cos deportes de equipo e medir as calidades persoais de cada un.

Patinaxe: Unha actividade recreativa que axuda a desenvolver o equilibrio e a harmonía corporal. Fai deporte deslizando sobre rodas!!

Teatro: Taller de teatro dirixido a iniciar aos nen@s no mundo da interpretación e todo o que iso leva consigo: memorización dos diálogos, preparación dos vestuarios e escenarios, modular a voz, enfrontarse ós medos... Nesta actividade tamén haberá un **cambio de profesorado**.

Fútbol sala: Consiste nunha actividade sa e divertida onde o alumn@ desenvola un comportamento cooperativo tanto dentro como fora do campo de xogo, fomentando o respecto polos seus compañeiros ademais de adquirir un maior dominio técnico e táctico do xogo. Comeza a partir de tres anos de idade.

Cociña: Actividade que introduce ao nen@ no mundo da cociña, tan necesaria para o futuro. Ensínanse normas básicas como lavarse sempre as mans, recoller o pelo, usar mandil... Se levarán a casa o que non poidan merendar e unha copia da receita. Materiais e ingredientes incluídos.

Natación: Deporte completo e divertido que se realiza nas piscinas municipais de Travesas, Valadares e no centro deportivo “máis que auga” de Navia.

Bright minds: Actividade dirixida aos nen@s de infantil na que utilizan diferentes métodos para a aprendizaxe en todos os campos.

Pintura: Nesta actividade os nen@s desenvolven a súa creatividade e habilidade sobre o papel e en diversas manualidades.

Robotics: Para estar ao orde do día, ofertamos esta actividade na que os nen@s aprenden sobre as novas tecnoloxías, terán **material individual** para cada nen@ facendo así que poidan aproveitar ao máximo a clase.

Intelixencia emocional: Axudan aos nen@s a enfrontarse a situacións do día a día, a coñecerse a si mesmos e a saber valorar aos demais.

ANEXO: Este ano a actividade de inglés pasa a ser externa cun convenio co CEEG, onde os interesados terán desconto e poderán escoller entre diversos horarios.